

PROGRAMA
DE
MELLORA
DA COMPRENSIÓN LECTORA

**DEPARTAMENTO
DE
ORIENTACIÓN**

CEIP CAMPOMAIOR

XANEIRO 2012

1.Consideracións tradicionais sobre dificultades na lectura e busca de solución

VALORACIÓN

INTERVENCIÓN

Velocidade lenta durante o acto lector	Búscanse actividades para mellorar a velocidade, pero se melloramos só a velocidade podemos complicar máis comprensión
Dificultades na percepción: confusión <i>b – d, pla-pal,...</i>	Facemos exercicios de atención e percepción, pero non de concienciación fonolóxica
Sospeita de problemas visuais en nenos que fan regresións sobre porcións xa lidas	Recomendamos non facer regresións e realizar revisións médicas
Frenazo no desenvolvemento da lectura.	Recomendamos ler máis
Realizan substitucións/ adicións/ omisións	Recomendamos prestar máis atención, pero non se traballa concienciación fonolóxica

2. PROCESOS COGNITIVOS QUE INTERVEÑEN NA LECTURA

2.1. Procesos de identificación das letras

2.2. Procesos léxicos (identificar unha palabra é descifrar o significado dese conxunto de letras). Neste proceso, a lectura faise por dúas rutas que son complementarias e que se van desenvolvendo ao longo de varias etapas:

Ruta visual, de identificación da forma dos grafemas coma se fose un debuxo. É a que se desenvolve en primeiro lugar, por ex. cando un neno, sen saber ler, recoñece o seu nome.

Ruta fonolóxica: a cada grafema asígnaselle un sonido e, en conxunto, forma unha palabra con significado concreto. Ex. , o método fonético ou onomatopeico cando un neno se está iniciando na lectura. É a ruta máis dificultosa.

2.3. Procesos sintácticos (oracións). A estrutura dunha oración Suxeito – Verbo- Complemento é tan común que, se a alteramos – presentándoa en voz pasiva o co complemento en primeiro lugar - , podemos dificultar o seu procesamento. E o mesmo ocorre cos signos de

puntuación; cando non se respectan non se identificarán cos rasgos prosódicos da fala e , polo tanto, será imposible comprender o que se está lendo.

2.4. Procesos semánticos. Consisten en extraer o significado dun texto e integralo cos coñecementos xa adquiridos e memorizados para poder facer uso posterior deles.

3. AVALIACIÓN DE PROCESOS LECTORES NO CEIP CAMPOMAIOR

Os alumnos con avaliación de procesos lectores nos derradeiros cinco anos presentaban frecuentemente dificultades relacionadas sobre todo con:

3.1 Procesos léxicos, por non ler correctamente tódalas letras que compoñen a palabra, modificando o significado da mesma. Na maioría dos casos, é debido a que a ruta visual vai máis rápida cá fonolóxica. Na lectura silenciosa faise máis uso da visual, polo que é difícil detectar o déficit na fonolóxica .

3.2. Procesos sintácticos e semánticos.

Detectáronse menos dificultades na comprensión de oracións activas, pero rexistráronse importantes déficits na

lectura e comprensión de oracións en voz pasiva e, especialmente, de complemento focalizado – xeralmente relacionadas con déficits na ruta fonolóxica na lectura de palabras-.

Non se fai uso axeitado dos signos de puntuación e entoación.

Respecto da comprensión de textos: hai menos dificultades en comprensión de textos narrativos, especialmente se se realizan preguntas literais. Os resultados empeoran con preguntas inferenciais, de deducción, porque a resposta non está no texto. Se os textos son expositivos, presentan dificultades tanto en respostas a preguntas literais como a inferenciais.

4. DETECCIÓN DE DIFICULTADES EN PROCESOS LECTORES

Cando detectemos dificultades na lectura, debemos fixarnos nos tipos de erros que o /a alumno/a comete.

PASOS:

4.1. Comprobar se identifica correctamente grafema/fonema (letra/son)

4.2. Verificar a lectura de palabras (curtas, longas, frecuentes, infrecuentes) e pseudopalabras. Con uso

deficitario da ruta fonolóxica daranse os seguintes casos:

- len mellor as palabras curtas e frecuentes.

- transforman pseudopalabras en palabras con grafía similar. Ex. **hueno** en **bueno** ou **huevo**.

- len con lentitude as pseudopalabras e as palabras longas tanto frecuentes como infrecuentes.

- erran ou son lentos en diferenciar palabras e pseudopalabras. (Proceso de identificación de palabras reais e inventadas).

- Adoitan facer alteracións na lectura das palabras: **adicións** ó inicio ou na parte final (*completar/ completa, trabaxar/baxar*), **omisións** (*asustado/ asustando, plantar/plantear*), **regresións** (no medio da palabra volven a iniciala), **pausas** no medio para respirar ou carraspear, **alteracións na acentuación** (*dejara/dejará*)... Calquera cambio que realicen nunha palabra, modificará o sentido da oración/texto da que forma parte.

4.3. Na avaliación da estrutura gramatical das oracións, comprobaremos se entende ben unha oración independentemente da orde na que estean as súas partes esenciais (Suxeito + Verbo +...).

4.4. Comprobaremos se fai uso correcto dos signos de

puntuación – a respiración facela só en pausas- e de entonación.

4.5. Fixarémonos como responde ás preguntas de comprensión lectora, non só ás literais (xeralmente esta é a forma mais utilizada tradicionalmente), senón tamén ás inferenciais.

.....

NOTA: Os problemas podemos detectalos en lecturas ordinarias ou aplicando protocolos sinxelos. O Departamento de Orientación elaborou o que se adxunta, de fácil aplicación para o profesorado.

5. PRuebas de procesos lectores para 2º -3º ED. PRIMARIA

Exemplar para o/a alumno/a

LECTURA DE SÍLABAS

- | | | | | |
|----------|----------|-----------|----------|----------|
| 1. flop | 2. bran | 3. glas | 4. crin | 5. der |
| 6. clip | 7. flet | 8. hueg | 9. ing | 10. jos |
| 11. llok | 12. air | 13. tap | 14. plus | 15. ques |
| 16. ruen | 17. piz | 18. sarp | 19. tul | 20. bloc |
| 21. fren | 22. clac | 23. fruin | 24. bris | |

LECTURA DE PALABRAS E PSEUDOPALABRAS

- | | | | |
|---------------|--------------|----------------|--------------|
| 1. machaco | 2. blando | 3. araña | 4. zalamero |
| 5. claveño | 6. zapatón | 7. propósito | 8. vuelco |
| 9. flor | 10. bocadito | 11. preferente | 12. esculpir |
| 13. clavelina | 14. drisco | 15. ladrón | 16. excaflar |
| 17. vara | 18. pueblo | 19. alacrán | 20. crispal |
| 21. panza | 22. valla | 23. panera | |

ESTRUTURAS GRAMATICAS

Escolle a oración que se corresponde co debuxo



1. El perro acaricia a la niña.
2. La niña acaricia al perro.
3. Es el perro el que acaricia a la niña.

1. La muñeca está paseando a la niña.
 2. A la niña la pasea la muñeca.
 3. La muñeca es paseada por la niña.
-





1. La policía es detenida por el ladrón.
2. Al ladrón lo detiene la policía.
3. El ladrón detiene a la policía.

1. El perro está siendo fotografiado por el niño.
2. Es el perro quien fotografía al niño.
3. Al niño lo fotografía el perro



1. El abuelo toca la nariz del niño.
2. La nariz del niño es tocada por el abuelo.
3. Al abuelo le toca la nariz el niño

Agora terás que elixir o debuxo que lle corresponda a estas oracións:

1. Na carreira había máis de un coche negro



2. A araña está asustando ó neno



3. Al caballo lo está persiguiendo el perro.



4. O burro vai diante dos cabalos.



USO DE SIGNOS DE PUNTUACIÓN E EXACTITUDE LECTORA

El pasado domingo, Marta fue al cine acompañada por su madrina. Al salir, la niña le preguntó:

– ¿Puedes comprarme una bolsa de golosinas?

A la madrina no le pareció buena idea y decidió llevarla a merendar una hamburguesa con refresco de naranja. Se fueron a un restaurante. Cuando la niña probó su hamburguesa , expresó:

– ¡Humm!, ¡está deliciosa!.

Le gustó tanto que su madrina le prometió volver.

Se pusieron los abrigos, pero olvidaron coger el paraguas y tuvieron que regresar a buscarlo para no mojarse.

Comprensión

- 1. ¿Quién fue al cine?**
- 2. ¿Cuándo fueron?**
- 3. ¿Qué prefería comer Marta?**
- 4. ¿Qué consumió Marta en el restaurante?**
- 5. ¿Qué tiempo hacía cuando salieron?**

Exemplar do docente. Ao carón de cada actividade temos espazo para realizar as anotacións necesarias. Os erros detectados servirannos para programar a intervención.

1. LECTURA DE SÍLABAS

Anotaremos o que le en cada sílaba para valorar os erros que cometa.

- | | | | |
|---------------|----------------|----------------|----------------|
| 1. flop | 2. bran..... | 3. glas | 4. crin..... |
| 5. der | 6. clip | 7. flet | 8. hueg..... |
| 9. ing | 10. jos | 11. llok | 12. air |
| 13. tap | 14. plus | 15. ques | 16. ruen..... |
| 17. piz | 18. sarp..... | 19. tul | 20. bloc |
| 21. fren..... | 22. clac | 23. fruín..... | 24. bris..... |

Agora clasificamos os erros cometidos:

Número total de omisións de letras ou sílabas _____

Número de adicións _____

Número de substitucións de unhas letras por outras: _____ Letras que substitúe

Número de inversións espaciais (ex.der / dre) _____

Número de regresións(volver atrás despois de ter empezado a ler a sílaba) _____

Número de vacilacións (dúbidas, silencios, carraspeos,...) _____

Número de rectificacións(dase conta do erro e rectifica) _____

Disgregación fonémica: Anotar se vai lendo fonema a fonema si non

2. LECTURA DE PALABRAS E PSEUDOPALABRAS

Anotaremos o que le en cada palabra

- | | | |
|--------------------|---------------------|------------------|
| 1.machaco..... | 2. blando..... | 3.araña |
| 4.zalamero | 5. claveño..... | 6. zapatón..... |
| 7.propósito..... | 8. vuelco..... | 9.flor..... |
| 10.bocadito..... | 11. preferente..... | 12.esculpir..... |
| 13.clavelina | 14. drisco..... | 15.ladrón |
| 16.excaflar | 17. vara..... | 18.pueblo..... |
| 19.alacrán..... | 20. crispal | 21.panza |
| 22. valla | 23. panera..... | |

Erros atopados:

Número total de omisións de letras ou sílabas _____

Número de adicións _____

Número de substitucións de unhas letras por outras: _____ Letras que substitúe

Número de inversións espaciais (ex.der / dre) _____

Número de regresións(volver atrás despois de ter empezado a ler a sílaba) _____

Número de vacilacións (dúbidas, silencios, carraspeos,...) _____

Número de rectificacións(dase conta do erro e rectifica) _____

Disgregación fonémica: Anotar se vai lendo fonema a fonema si non
Os erros producíronse nas palabras: curtas longas frecuentes infrecuentes
pseudopalabras

3. ESTRUTURAS GRAMATICAIS

3.1 Escolle a oración que se corresponde co debuxo



- 4. El perro acaricia a la niña.
- 5. La niña acaricia al perro (O. activa)
- 6. Es el perro el que acaricia a la niña.

- 4. La muñeca está paseando a la niña.
- 5. A la niña la pasea la muñeca.
- 6. La muñeca es paseada por la niña.(O. pasiva)



- 4. La policía es detenida por el ladrón.
- 5. Al ladrón lo detiene la policía.(O. c. focalizado)
- 6. El ladrón detiene a la policía.

- 4. El perro está siendo fotografiado por el niño.(O.Pasiva)
- 5. Es el perro quien fotografía al niño.
- 6. Al niño lo fotografía el perro






4. El abuelo toca la nariz del niño.
5. La nariz del niño es tocada por el abuelo.
6. Al abuelo le toca la nariz el niño. (C. focalizado)

3.2. Agora terás que elixir o debuxo que lle corresponda a estas oracións:

1. Na carreira había máis de un coche negro (Activa)



2. A araña está asustando ó neno (Activa)



3. Al caballo lo está persiguiendo el perro. (C. focalizado)



4. O burro vai diante dos cavalos. (Activa)



5.USO DE SIGNOS DE PUNTUACIÓN E EXACTITUDE LECTORA

Ten que ler en voz alta . Avisarémolle que preste atención porque, despois de ler, terá que responder ás preguntas sen buscalas na lectura (retirarlle o texto e deixarlle só as preguntas de comprensión). Rodearemos os signos que están en azul e que non realiza.

El pasado domingo, Marta fue al cine acompañada de su madrina. Al salir, la niña le preguntó:

– ¿Puedes comprarme una bolsa de golosinas?

A la madrina no le pareció buena idea y decidió llevarla a merendar una hamburguesa con refresco de naranja. Se fueron a un restaurante. Cuando la niña probó su hamburguesa, expresó:

– ¡Humm!, ¡está deliciosa!.

Le gustó tanto que su madrina le prometió volver. Se pusieron los abrigos, pero olvidaron coger el paraguas y tuvieron que regresar a buscarlo para no mojarse.

Comprensión

1. ¿Quién fue al cine? (Narrativa literal)

Marta y su madrina

2. ¿Cuándo fueron? (Narrativa literal)

El pasado domingo

3. ¿Qué prefería comer Marta? (Narrativa literal)

Golosinas

4. ¿Qué consumió Marta en el restaurante?(Narrativa literal)

Hamburguesa y refresco de naranja

5. ¿Qué tiempo hacía cuando salieron? (Narrativa Inferencial)

Hacía frío y llovía

Erros detectados:

- Non respecta as pausas , . ; : (rodear o que proceda)
- Non respecta os signos de entonación ¿? ¡!
- Problemas de comprensión en textos narrativos: literais inferenciais

5.PROBAS DE PROCESOS LECTORES PARA 4º, 5º e 6º de ED. PRIMARIA

O CARBALLO

O carballo é unha árbore común en toda Galicia. É unha especie en regresión pola influencia do home: está sendo substituída polo piñeiro e o eucalipto que son de crecemento máis rápido. Pero, nalgúns zonas de Galicia, aínda quedan carballeiras fermosas.

O carballo ten o tronco dereito, a cortiza grisácea e as follas caedizas. Florece en abril ou maio e , no outono, dá un froito denominado **landra** que mide entre 1-2 centímetros. Un insecto fai a posta dos ovos no carballo e causa o nacemento dunhas excrecencias ou avultamentos esféricos chamados bugallos.

A altura dos carballos é moi variable, algúns son baixos e outros pasan dos 40 metros. A súa vida pode superar os mil anos.

A madeira é de moi boa calidade e de difícil putrefacción, mesmo na auga, polo que foi usada para a construción naval, bocois e para a a fabricación das travesas do ferrocarril. Utilízase en carpintería e ebanistería; nas casas empregábase para trabes, puntóns e táboas para chan.

A súa leña ten un alto poder calorífico .

A cortiza e os bugallos teñen valores curativos.

RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS:

- 1. ¿Por que decimos que o carballo está en regresión?**
- 2. ¿Que nome recibe o lugar onde abundan os carballos?**
- 3. ¿Por qué nacen os bugallos?**
- 4. ¿Por qué se usaba a súa madeira na construción naval?**
- 5. ¿Poden existir carballos centenarios?**

•

O OSO FORMIGUEIRO

O oso formigueiro é un mamífero robusto, do tamaño dun can grande. A pesar do seu nome, non ten nada que ver cos osos.

O oso formigueiro come moi pouco, polo que non pode gastar demasiada enerxía . Por iso sempre trata de aforrar esforzos: móvese moi amodiño e dorme moito, ata dezaseis horas ó día.

É un animal solitario. Só busca compañía uns poucos días ó ano, durante a época da reprodución. Despois, a parella desfaise e cada un volve ó seu territorio.

As femias teñen unha soa cría por parto, que levan ó seu lombo perfectamente camuflada polos debuxos da pel.

A pel é forte, cuberta de grosos pelos, formando unha barreira que protexe de ataques e picaduras das formigas soldado.

Os seus únicos depredadores, entre os animais, son os pumas e os xaguares. Atópase en perigo de extinción debido á caza furtiva, á destrución do seu hábitat natural e ós atropelos en zonas urbanas. Debido a estas actuacións do ser humano, nos últimos tempos reducíuse drasticamente o número de osos formigueiros.

RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

- 1. ¿Que tipo de animal é o oso formigueiro?**
- 2. ¿Por que non pode facer demasiados esforzos?**
- 3. ¿Por que non vemos manadas de osos formigueiros?**
- 4. ¿Cómo protexen ás crías?**
- 5. Dise que o oso formigueiro é da familia dos animais preguiceiros ¿por que ?**
- 6. ¿Por que se di que o ser humano é o maior inimigo do oso formigueiro?**

Exemplar para o DOCENTE

5.PROBAS DE PROCESOS LECTORES PARA 4º, 5º e 6º de ED. PRIMARIA

Ademais das anteriores, avaliaremos a comprensión de textos expositivos

Ten que ler en voz alta . Avisarémoslle que preste atención porque, despois de ler, terá que responder ás preguntas sen buscalas na lectura (retirarlle o texto e deixarlle só as preguntas de comprensión). Rodearemos os signos que están en azul e que non realiza.

O CARBALLO

O carballo é unha árbore común en toda Galicia. É unha especie en regresión pola influencia do home: está sendo substituída polo piñeiro e o eucalipto que son de crecemento máis rápido. Pero, nalgúns zonas de Galicia, aínda quedan carballeiras fermosas.

O carballo ten o tronco dereito, a cortiza grisácea e as follas caedizas. Florece en abril ou maio e , no outono, dá un froito denominado **landra** que mide entre 1-2 centímetros. Un insecto fai a posta dos ovos no carballo e causa o nacemento dunhas excrecencias ou avultamentos esféricos chamados bugallos.

A altura dos carballos é moi variable: algúns son baixos e outros pasan dos 40 metros. A súa vida pode superar os mil anos.

A madeira é de moi boa calidade e de difícil putrefacción, mesmo na auga, polo que foi usada para a construción naval, bocois e para a fabricación das travesas do ferrocarril. Utilízase en carpintería e ebanistería; nas casas empregábase para trabes, puntóns e táboas para chan.

A súa leña ten un alto poder calorífico .

A cortiza e os bugallos teñen valores curativos.

COMPRESIÓN LECTORA (As respostas deben conter os conceptos básicos, aínda que non sexan co contido literal do texto)

1.¿Por que dicimos que o carballo está en regresión? (expositiva literal)

Está sendo substituído por piñeiros e eucaliptos/ Porque o home prefire plantar especies que medran máis rápido.

2. ¿Que nome recibe o lugar onde abundan os carballos? (expositiva literal)

Carballeiras

3. ¿Por que nacen os bugallos? (expositiva literal)

Pola posta de ovos dun insecto no carballo

4. ¿Por qué se usaba a súa madeira na construción naval? (expositiva literal)

Porque é de moi boa calidade e de difícil putrefacción na auga

5. ¿Poden existir carballos centenarios?(**expositiva inferencial**)

Si, porque poden vivir ata mil anos

O OSO FORMIGUEIRO

O oso formigueiro é un mamífero robusto, do tamaño dun can grande. A pesar do seu nome, non ten nada que ver cos osos.

A pel é forte, cuberta de grosos pelos, formando unha barreira que protexe de ataques e picaduras das formigas soldado.

O oso formigueiro come moi pouco, polo que non pode gastar demasiada enerxía . Por iso sempre trata de aforrar esforzos: móvese moi amodiño e dorme moito, ata dezaseis horas ó día.

É un animal solitario. Só busca compañía uns poucos días ó ano, durante a época da reprodución. Despois, a parella desfaise e cada un volve ó seu territorio.

As femias teñen unha soa cría por parto, que levan ó seu lombo perfectamente camuflada polos debuxos da pel.

Os seus únicos depredadores, entre os animais, son os pumas e os xaguares. Atópase en perigo de extinción debido á caza furtiva, á destrución do seu hábitat natural e ós atropelos. Debido a estas actuacións do ser humano, nos últimos tempos, reducíuse drasticamente o número de osos formigueiros.

RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

1. ¿Que tipo de animal é o oso formigueiro?(**expositiva literal**)

Un mamífero

2. ¿Por que non pode facer demasiados esforzos? (**expositiva literal**)

Porque come moi pouco e non pode gastar enerxía

3. ¿Por que non vemos manadas de osos formigueiros?(**expositiva inferencial**)

Porque é un animal solitario

4. ¿Cómo protexen ás crías? (**expositiva inferencial**)

Levándoas ó lombo camufladas coa súa pel

5. Dise que o oso formigueiro é da familia dos animais preguiceiros ¿por que ? (**expositiva inferencial**)

Porque se move moi pouco e dorme moito

6. ¿Por que se di que o ser humano é o maior inimigo do oso formigueiro? (

expositiva inferencial Pola caza furtiva, a destrución do seu hábitat e os atropelos.

6. AVALIACIÓN DA RUTA VISUAL

Un bo lector ten que ter plenamente desenvolvidas as dúas rutas para o recoñecemento das palabras:

- A ruta fonolóxica permitirlle ler as palabras descoñecidas ou pouco habituais
- A ruta léxica posibilitará ler con máis rapidez as palabras que xa resultan familiares e para distinguir os homófonos.

O único requisito para ler coa ruta visual é ter visto unha palabra o suficiente número de veces como para tela memorizada; entón lerase de maneira moito máis rápida cás descoñecidas.

No caso dos homófonos, entenderase o seu significado na lectura, se se lembra a súa forma ortográfica (memoria visual) ou o se extrae polo contexto: /tuvo//tubo/- /onda//honda/- /hai//jai!//

O modo de lectura de palabras de maior ou menor frecuencia e a comprensión dos homófonos no texto sírvennos para coñecer o uso da ruta visual.

7.AVALIACIÓN DA ACTITUDE DO/A ALUMNO/A

O alumnado con problemas lectores corre risco de presentar dificultades xerais de aprendizaxe provocadoras de fracaso escolar acompañadas de actitudes relacionadas con:

- Inatención, desinterese e hipomotivación.
- Aversión cara á lectura.
- Desaxustes emocionais relacionados con: falta de autoconfianza, de autoestima e frustración.
- Condutas disruptivas e inhibición progresiva (fracaso).

8. ESTRATEXIAS PARA MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

- Debemos ter en conta que os aspectos perceptivos - atención, concentración, memoria – son tamén indispensables para a comprensión lectora, así como o dominio do vocabulario do texto.
- O/A alumno/a debe realizar lecturas en voz alta que nos permitan a detección precoz das dificultades e a intervención eficaz.
- Debemos gravarlle, ocasionalmente, a lectura para que poida reflexionar sobre os erros que comete e se involucre na corrección dos mesmos. Tamén nos aportará información da súa evolución.
- Ofreceremos asesoramento á familia.

1. PARA MELLORAR A RUTA VISUAL

Traballar a memoria e atención visuais :

- Memorizar formas, palabras, frases, figuras, números... observándoas durante un determinado tempo e reproducíndoas de seguido
- Identificar obxectos ou palabras enmascaradas dentro dun debuxo, viñeta, foto, etc.
- Reproducir palabras que se presentan incompletas.
- Memorizar regras ortográficas e palabras con ortografía arbitraria.
- Respecto dos homófonos (ola, hola), deben realizarse exercicios de identificación palabra – imaxe (asociación con debuxos).
- Lectura acompañada do adulto.
- Realizar unha lectura. De seguido, debe completar ese mesmo texto que se lle presenta incompleto.

2. PARA DESENVOLVER A RUTA FONOLÓXICA NA LECTURA

Son moi recomendables as actividades con letras móbiles, de plástico e de diferentes cores porque: son manipulables, estimulan os sentidos e as cores favorecen a memorización e a asociación (as vogais son da mesma cor, ...).

O procedemento consiste en construír e transformar palabras empregando estas letras (coa axuda do mestre/a, se o/a alumno/a non é capaz). Unha vez construída unha palabra, débense realizar con ela diversos exercicios destinados a identificar as súas letras e a asocialas cos sos correspondentes. Diseñaranse tarefas cada vez máis complexas. Poden desenvolverse, as seguintes ou similares.

Exercicios de concienciación fonolóxica.

- Pedímoslle que escriba o seu nome coas letras móbiles. Deletreámolo, dicimos os sons e as sílabas.
- Pensar palabras de sucesiva complexidade. Fragmentalas en sons, letras e sílabas. Explicar o seu significado.

Ex. Careta
/k/ -/a/ -/r/ -/e/ -/t/ -/a/
C-a-r-e-t-a

- Facer rimas con palabras dadas: balón ,salón, bombón,.. Aumentar a complexidade, introducindo frases con rimas: Ex. *María*

Sae de día

- Pronunciar palabras con grupos fonémicos similares. O/A alumno/a debe buscar o que teñen en común ou no que se diferencian:

Ex. *nube, sube*

Capa, cata, cala, casa, cara

- Sinalar a palabra diferente dentro do seu grupo:

- No seu inicio Ex. *paz, par, pan, mal*

- no medio Ex. *tan, mal, sol, bar*

- ó final Ex. *mar, dar, gas, par*

- Facerlle ver que as palabras están compostas de letras e , só con cambiar, engadir ou quitar algunha, troca totalmente o seu significado.

Ex. *mesa- misa- masa- musa*

Tapa- capa- carpa

- Construir unha palabra coas letras móbiles e , a partir da mesma, crear palabras diferentes:

- Cambiar letras ó inicio ou ó final: Ex. *Pano- gano- sano*

Usa- usar- usara,....

- Engadir letras no medio Ex. *Pana - plana, sana - santa,...*

- Eliminar letras do . Ex. *Plantexar- plantar*

- Engadir máis dunha letra e formar palabras longas Ex. *Cara -*

- Unha vez dominada a técnica, podemos paasar a desenvolver actividades máis completas, formando xa listas de palabras novas a partir dunha dada:

Ata

Descubriremos

Lata

Descubrir

Plata

Cubrir

Planta

Plantar

Transplantar

- Citar cousas do entorno e engadirlle algunha calidade que empece polo mesmo son.

Ex. bote bonito

- Son válidos tamén os xogos do “*Veo, veo*”ou “*Da Habana veu un barco cargadiño de cousas que empezan por... , ou que rematan por..., ou que levan as letras...*”
- Para as conversións e confusións grafema - fonema, con formas parecidas e sons próximos (*b/d - g/j/gu*) empregar regras nemotécnicas (Ex.o d do dedo , o b do babeiro) con debuxos que axuden na asociación, buscando algún indicio que lle faga recordar a súa pronunciación, usando, por exemplo, pictogramas.
- Acostumar ó/á alumno/a a unir os sons dunha determinada palabra para que a lea xunta, evite o silabeo, as regresións e as repeticións que implican a perda información e dificultan a comprensión. *Relacionar cada palabra sempre co seu significado.* Empezar con palabras curtas, logo irá mellorando a ensamblaxe cada vez máis.

3. RECUPERACIÓN DE PROCESOS LÉXICOS

- Ler palabras e pseudopalabras. Explicar cales son reais e cales son inventadas. Escríbilas.
- Realizar a lectura de palabras curtas e longas de maior e menor frecuencia.

4. RECUPERACIÓN DE PROCESOS SINTÁCTICOS E SEMÁNTICOS

Estruturas gramaticais:

- Relacionar unha oración co debuxo axeitado entre varias opcións dadas.
- Emparellar debuxos - oracións similares.
- Completar oracións coas palabras ou partes que falten.
- Completar o final ou o principio dunha oración.
- Atopar gazapos agochados nunha oración (que non teñan que ver co contexto, que non se relacionen plenamente con un debuxo,...) .
- Escribimos en distinta orde as palabras de unha oración sen que se modifique o significado:

O can persegue ó coello.

Ó _____ perségueo o _____.

Quen persegue ó _____ é o _____.

O _____ é o que persegue ó _____.

Signos de puntuación

Presentar un parágrafo curto cos grupos sintácticos esaxeradamente diferenciados mediante frechas, debuxos ou cambios de tamaño para que faga diferenza na lectura deles. Tamén se pode empezar co uso simbólico de sinais de tráfico (un stop para o punto, *un ceda o paso* para a coma,...) Diminuír este apoio visual segundo vaia automatizando o proceso de diferenciación sintáctica.

- Ler conxuntamente con el/a un texto marcando moito as pausas.
- Gravarlle a lectura , escoitala conxuntamente e reflexionar sobre os erros.

Sacar significación a un texto

- Ler un texto e recoñecer as palabras clave. Anotalas.
- Buscar os detalles máis significativos dun texto para entendelo.
- Establecer a secuenciación do relato.
- Resumir oralmente o texto empregando as palabras clave e as propias palabras.
- Buscar outras ideas, xa secundarias.
- Realizar preguntas sobre inferencias que se poden extraer do texto.

PAUTAS PARA O ALUMNO/A

Debemos dar a conocer ao alumno os fallos que comete para que se involucre no proceso de mellora. Unha vez coñecidos, ofreceránselle pautas acordes aos déficits detectados. O material adxunto, serve de exemplo a adaptar polo/a titor/a.

Este plan foi aprobado na reunión ordinaria polo Claustro celebrada o 29 de Xuño de 2017 e Consello escolar do CEIP Campomaioir reunidos o de 29 de Xuño de 2017.